

HISTORIA DEL BENEFACTOR DE LA PARROQUIA DE MOGOR, D. FRANCISCO LOPEZ DE ESTRADA

Nació en el lugar de Vilar, de la parroquia de Santa María de Mogor, en el año 1.760, aproximadamente; siendo párroco D. Pablo Nicolás de Pazos Iglesias, que posteriormente lo tuvo de sacristán. Llegado a la edad de 22 años, con una cultura muy mediocre, gran inteligencia y una férrea voluntad de superación, decidió, como otros muchos, emprender la aventura de la emigración. Como para ello carecía de medios económicos, y viendo que tenía a mano el medio de conseguir el importe del pasaje, hurtó el contenido de los cepillos de la Iglesia, y, con su hatillo a cuestas, tomó el camino hacia el puerto de Ferrol, y de allí a La Coruña; pero antes de partir, se arrodilló ante el Cruceiro del Alto de Saiñal, haciendo promesa de devolver todo lo robado, que no consideró robo, pues dijo llevarlo prestado, y prometió restituir con creces y en cantidad suficiente para hacer obras en bien de la Iglesia y del pueblo.

Marchó a Méjico y a los pocos años, en un titánico esfuerzo, envió 30.000 reales para la Iglesia, a fin de que se hiciesen obras de mejora. Esto fue en el año 1.888. Siendo párroco D. Manuel González Gayoso (1.770 - 1.815) envió varios objetos religiosos: copones, curces de plata, etc. Algunos de ellos quedaron en Santa María de Cádiz, que era el puerto donde arribaban los barcos que venían de América, y las autoridades religiosas de aquella ciudad se apropiaron de ellos por considerar que el envío era para la Iglesia de Cádiz, por tener la misma denominación o advocación a la Virgen María.

Posteriormente envió otros dos giros, por cantidades de 20.000 y 15.000 reales, respectivamente. En la última década del siglo XVIII remitió 20.000 reales para la construcción de un edificio escolar que se llamó 'OBRA PIA', en el lugar de Mogor, a unos 300 m. de la Iglesia; con espléndidas aulas y casa vivienda, así como patios, biblioteca y gimnasio; y a la que dotó de excelente material escolar.

Circundaba el edificio una finca rústica de 20 áreas, con pozo de agua potable.

Envió varios giros más, casi todos de la misma cantidad de 20.000 reales, para la adquisición de fincas labrantías que se extendían por varios pueblos de la costa, hasta Ribadeo. Con las rentas de estas fincas se pagaba el sueldo de un profesor auxiliar.

El primer Maestro y Director que tuvo la Obra Pía, se llamaba D. Antonio Agregán.

Las mencionadas fincas eran administradas por el Obispado de Mondoñedo, y cuando se produjo la incautación de los bienes de la Iglesia, se incluyeron e aquéllos, por lo que se perdieron todas, excepto el campo en el que está ubicado la Obra Pía.

Existía un testamento otorgado en Méjico por el benefactor D. Francisco López de Estrada, cuyas copias estaban en poder de D. Mnauel Rodríguez Santeiro, Maestro Nacional de la Obra Pía, y fallecido en 1.940; otra copia la tenía D. Francisco Peón Blanco, también fallecido, y quizá el original o copia notarial, en poder del Obispado de Mondoñedo, y concretamente del Canónigo D. Agustín Pego, natural de esta parroquia de Mogor. Todas esas copias se extraviaron, pero las conocen muchas personas que las han leído, siendo niños, en la escuela de la Obra Pía; y especialmente D. César Rodríguez Fernández, recientemente fallecido, quién manifestó que en una de las cláusulas del testamento decía que la Obra Pía, con todas sus propiedades, la legaba en beneficio del pueblo de Mogor - El Barquero.

PONTE DO BARQUEIRO:

Datos sobre a súa construción

Encóntrase a Ponte Do Barqueiro sobre a desembocadura do río SOR; O CAL; entre as Serras do Xistral e a da Faladoira, percorre un amplo tramo do territorio galego facendo de límite entrea as provincias de Lugo e A Coruña.

Construíuse para a comunicación pola costa da comarca de Viveiro coa de Ortigueira entre finais do XIX e os primeiros anos dos XX, sendo daquela unha das poucas pontes que aínda non se realizaran en Galicia, na desembocadura das Rías.

O proxecto orixinal redactouse en 1880, obra do enxeñeiro Adolfo Pequeño, para servir de paso á estrada de terceiro orde de Viveiro a Liñares. A obra adxudicada posteriormente, tivo que ser suspendida ó rescindirse por R.O. de 5 de Xuño de 1891 o contrato á empresa constructora. Neste momento, segundo consta na liquidación efectuada, "a parte da obra executada era case nula". Redactado en 1894 o proxecto reformado polo enxeñeiro JOSE REAL, no que se propuña unha variación dos estribos e dos pilares, foi comenzada a construír en 1895 e rematada en 1901. O custo da obra foi de 528.000 ptas.

A lectura do proxecto reformado ponnos en relación coas preocupacións que nese momento tiñan, especialmente respecto á cimentación nun tramo areoso do leito do río, como era este da foz do Sor, preocupación á que por falla duns estudos adecuados do terreo, non soubera facer frente o proxectista orixinal.

O procedemento de cimentación elixido para os pilares, necesitou a utilización de caixóns de palastro por medio de aire comprimido, os cales tiveron que cimentarse a 20 metros de profundidade. Igualmente os alicerces dos estribos tamén se protexeron con dique xa que a socavación podería chegar a 6,50 m. por debaixo de nivel da baixamar.

Consta a ponte de tres tramos metálicos en arco con taboleiro inferior e uns sectores de acceso formados por muros de sillería.


Os tramos metálicos teñen unha lonxitude de 48,10 metros cada un e están formados por dúas traves en arco parabólico con taboleiro inferior e arriostamentos tipo cruz de San Andrés.

Entrambas vigas existe un arriostamento superior das cabezas con celosías, encargándose do arriostamento inferior o propio taboleiro que se apoia nas traves. Éste está formado por vigotas transversais que avanzan en voadizo para soste-lo paseo lateral e vigotas lonxitudinais que son as que soportan directamente, por intermedio doutras vigas transversais, o pavimento da calzada.

A calzada é de 5 m. e os pasados de 1 m. Os pilares cos estribos son de sillería, tendo ésta un peitoril de protección.

TIPOLOXÍA : Ponte metálica do século XIX con arcos de ferro forxado sobre pilares de cantería.

FONTE DE DATOS : PONTES HISTÓRICAS DE GALICIA.



ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS DO BARQUEIRO (PARROQUIA DE MOGOR)

O nome da parroquia de Santa María de Mogor ven da existencia dun mosteiro medieval citado nunha Cédula Real que Ordoño II expediu no ano 916 a prol de Sabarico II, Vispo de Mondoñedo, pola que eran cedidas á mitra mindoniense a "Ecclesiam Sanctae Mariae de Monachorum" (Mogor) e a "Villam nomine Bares", coas súas "ostrareas, devesas y piscarias" (ostreiras do Barqueiro, pastos acuáticos de Esteiro e pesquerías do porto). Parece ser que xa para entón o edificio monástico estaba abandonado.

Na segunda metade do século XVIII a parroquia pertencía á provincia de Mondoñedo, unha das sete nas que entón se dividía o Reino de Galicia. Segundo a "Real Única Contribución" de 1752, era señorío do Vispo de Mondoñedo, a quen os veciños pagaban en dereito de "lutuosa" (morte dun cabeza de familia) unha "prenda de cuatro pies, ya sea buey, baca, mula o una mesa o bufete", aínda que no seu lugar entregaban, polo regular, vinte reais de vellón. Como excepción, o lugar de San Fiz era sufragáneo de San Cristovo das Ribeiras do Sor, e señorío dependente no civil e criminal da Condesa de Graxal, quen recibía anualmente 8,5 fanegas de cebada e 5,5 reais de vellón en concepto de renda. Ademais, contribuía ó Colexio Seminario de Viveiro con cinco reais e seis maravedís en recoñecemento de vasalaxe.

Polas mesmas datas os pescadores do Barqueiro figuraban, a efectos da "matrícula do mar", inscriptos baixo a autoridade de ministros que vivían ou en Viveiro ou en Ribadeo. Xa entón o porto tiña bastante movemento, o mesmo que o de Bares. A él concurrían naves comerciais pequenas, e os seus mariñeiros e os bareses acostumaban capturar un promedio anual de sardiña por riba dos 1.500 milleiros, así coma cantidades menores doutras especies de peixe, que exportaban.

Segundo Meijide Pardo, no século XVIII O Barqueiro contaba cos seguintes barcos de pesca e pescadores ou mareantes matriculados:

Anos	Barcos de pesca	Mareantes dispoñibles
1727	—	9
1738	14	27
1750	5	25
1754	8	47
1759	10	51
1771	9	60
1776	14	—

Barqueireses e bareses tiñan de cotío litixios e enfrontamentos por mor dos precios do peixe, o abastecemento das poboacións veciñas e outras cousas máis. Entre elas, os motivados polo chamado "diezmo do mar", imposto que se entregaba ó Deán e Cabildo de Mondoñedo e ó párroco local.

Nas primeiras décadas do século XIX foi reformada a organización política e administrativa do Estado. Dende 1833 ficaron constituídas as catro provincias galegas que hoxe existen. No 1834 formouse o Concello de Mañón, abraguendo o territorio que conserva. Remataba así o mundo dos "Señoríos".

Ó longo desta centuria O Barqueiro experimentou un salientable progreso económico, xa que nel instaláronse algúns comerciantes cataláns, dous dos que - Pablo Galcerán e Catá - parece ser que andaban metidos en frecuentes pleitos.

Segundo datos do Diccionario de Madoz (1847), en 200 casas habitaban 227 veciños - un total de 1015 persoas -, contaba con tres fábricas de salguiera de sardiña, seis tecedoras de lenzo e estoupiña, catro muíños fariñeiros, unha tenda de albacería e dúas tabernas.

Vinte anos denantes, no 1827, Miñano asignáballe 220 veciños - 1070 habitantes -, mentres que no 1860, data do primeiro censo oficial, roldaba as mil persoas.

No 1895 o Porto foi declarado de "refuxio", e fixéronselle as primeiras obras, coñecidas popularmente polo "rompeolas", das que

restan partes no muro que separa a estrada de acceso ó mesmo, feito con pedras de cantería que os propios barqueiros transportaron. Consérvase tamén a saída do vello alcantarillado que entón se fixo.

Tratábase dunha modesta obra de defensa que ía dende a Punta e Pena do Seixo ata a Carraca, con cento dezaseis metros de lonxitude en liña quebrada, cun espigón no extremo noroeste saínte en dirección contraria de vinte e cinco metros de longo por cinco de ancho que descendía en forma de rampa ó canal da ría en baixamar, servindo de embarcadero.

A cabalo entre os séculos pasado e actual foi erguida a Ponte de Ferro (1880 - 1901) para comunicar as dúas beiras da ría formando parte da estrada xeral de Viveiro a Linares. Esta obra supuxo a desaparición da tradicional figura que dá nome ó porto, xa que entón un barqueiro na súa barcaza prestaba o servizo de transporte de persoas, animais e equipaxes dunha a outra beira da ría.

Aínda se conserva o topónimo de O Mesón para se referir á parte alta da poboación, onde atoparían repouso os viaxeiros.

A ponte facilitou unha importante millora das comunicacións terrestres, e O Barqueiro pasou a ser o centro administrativo e de servizos do concello mañonés coa instalación da Casa do Concello e o Xulgado Municipal, actuando na práctica como cabeza de administración municipal.

Ó principia-lo século XX (1906) a poboación descendera levemente ata 991 habitantes, dos que a terceira parte moraban no Porto do Barqueiro, ocupando 130 edificios, onde funcionaban unha fábrica de salgueira de sardiña, outra de conservas de peixe, e recibía navegación de cabotaxe con barcos que descargaban sal e carbón e levaban madeira e caoliño.

No ano 1920 a vida da parroquia pouco se tiña alterado. Os habitantes eran 891 de fieto e 949 de dereito, repartidos en 313 edificios, 42 de pranta baixa, 244 de dúas prantas e 27 de tres. En canto ó Porto, contaba con 317 persoas en 149 vivendas. Por outra banda, seguían a existir as fábricas de salgueira e conserva ("principal elemento

de vida de los habitantes en las buenas costeras"), e ademais da oficinas da administración municipal había dúas escolas nas que estaba establecida a "Mutualidad escolar" e un grupo de exploradores ("boy-scouts").

As actividades económicas predominantes eran a pesca e a agricultura. As capturas principais da primeira eran mariscos, e a agricultura producía cereais, hortarizas e patacas. Ademais, exportábase madeira, caoliño e seixo, e a localidade contaba con cartería, botica, pousadas e carpinteiros de ribeira.

No 1930 Julio Dávila distingue entre a "aldea", con lugares que no seu conxunto tiñan 99 casas e 414 habitantes, e O Barqueiro, con 56 poboadores en 149 vivendas. Asimesmo, outros 49 edificios adicábanse a usos diversos.

Para entón xa estaba construída a estación do "Ferrocarril de Costa", riba da pequena praia da Arnela, e o Porto dispoñía de alumead eléctrico con enerxía provinte do Salto das Negradas.

Mogor e O Barqueiro contaban con dúas escolas, unha de nenos e outra de nenas, así como cartería, telégrafo e teléfono - éste, dende 1929 -, e o Concello pagaba a un médico que atendía ós enfermos pobres.

Nese ano de 1930 o Porto tiña matriculadas dez traíñeiras, tres motoras, dous botse, cinco chalanas, dúas goletas de cabotaxe e catro gabarras, pero a industria pesqueira estaba xa abandonada. Unha serra movida por enerxía eléctrica era a única industria do pobo, onde funcionaban tamén tres muíños de vento e outro movido por electricidade.

Para o intercambio de produtos agropecuarios celebrábase feira no Campo do Mesón cada día 5 de mes, onde acudían xentes coas cereais, hortarizas, ovos, queixo e gado, que se pesaba nunha báscula alí mesmo instalada.

Na década dos anos corenta o Porto do Barqueiro adquiriu a configuración que perdurou ata ben recentemente, xa que foi construído un peirao de atraque dende a antiga rampa-espigón ata a Pena do Seixo. Moi recentemente, entre mediados de 1988 e xaneiro do ano seguinte, constrúese un novo peirao que proporciona unha pequena e discutida dársena de refuxio.